

CICLO DE CINEMA

# OLLADAS DE MULLERES NO MUNDO

CREADORAS GALEGAS DE IMAXE

CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE

A CORUÑA

DO 3 AO 7 DE MARZO DE 2015



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Co gallo do Día da Muller Traballadora, un ano máis o Consello da Cultura Galega e o CGAI dedícanlle unha semana da súa programación cun ciclo de cinema en que as figuras femininas son as protagonistas. O ciclo, coordinado por Encarna Otero da Comisión de Igualdade do CCG, leva como título *Olladas de muller no mundo*. *Creadoras galegas de imaxe*. Esta é xa a súa segunda edición en colaboración co CGAI e dá continuidade ao proxecto filmico *Creadoras galegas de imaxe*, no que directoras, guionistas, produtoras, actrices amosan outras olladas e perspectivas.

O ciclo comeza co único título de directores masculinos, *Deux jours, une nuit/ Dos días, una noche*, dos irmáns Dardenne, dúas veces gañadores en Cannes. Un filme sobre a muller no ámbito laboral nun contexto de crise. A intérprete principal, Marion Cotillard, foi candidata ao Oscar á mellor actriz polo seu papel de traballadora que intenta que os seus compañeiros renuncien á paga extraordinaria para ela conservar o seu posto na empresa.

O particular naturalismo dos Dardenne liga con *Party girl/Mil noches, una boda*, de Marie Amachoukeli-Barsacq, Claire Burger e Samuel Theis, o retrato dunha muller libre de 60 anos e as complexidades dos afectos e a contorna social. Pola súa banda, *Amour fou*, de Jessica Hausner, está inspirada na historia do poeta Heinrich von Kleist e a súa procura dunha compañeira para se suicidar en pleno Romanticismo alemán; ambas a dúas achegan senllos retratos femininos con forza.

Na sección *Creadoras Galegas de Imaxe* ofrécese dous títulos: *Muller(es)Muller*, de Inés Pintor, producido por SocialDocs, amosa a vida de mulleres dunha mesma familia pertencentes a tres xeracións distintas: as dificultades e diferenzas na educación, na percepción, no papel desempeñado..., e *O tesouro de Corcoesto*, adscrita ao documental militante e dirixida pola galega Cora Peña. A estes súmase *Se dice poeta*, da asturiana Sofía Castañón, que se aproxima a 21 poetas, entre elas tres galegas establecidas na Coruña: Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e María Couceiro. Estas últimas sesións contarán coa presenza das súas autoras.

---

## PROGRAMA

3 de marzo

18.00 e 20.30 h.

DEUX JOURS, UNE NUIT / DOS DÍAS, UNA NOCHE

Jean-Pierre e Luc Dardenne, Bélxica-Francia, 2014. 96'.

DCP. Subt. castelán.

Presentación ciclo 2º pase.

Entrada de balde.

4 de marzo

18.00 e 20.30 h

PARTY GIRL / MIL NOCHES, UNA BODA

Marie Amachoukeli, Claire Burger e Samuel Theis, Francia, 2014. 95'.

DCP. Subt. castelán.

Entrada de balde.

Non é unha fin de semana calquera. Sandra ten que tentar que os seus compañeiros de traballo renuncien a unha pega extraordinaria para que ela manteña o seu posto. Acompañada do seu home comeza unha sorte de road-movie emblemática da crise actual. Nominación ao Oscar para Marion Cotillard nun filme dirixido polos Dardenne, lendarios gañadores por partida dobre en Cannes (*Rosetta*, *El niño*) donos dun persoal cultivo do realismo social cheo de sutileza.

Unha muller de 60 anos, Angélique, segue a levar unha vida de diversión. Leva aos clientes a un cabaret próximo á fronteira alemana. Un día ten ocasión de abandonar esta vida. A liberdade de elección, a complexidade dos afectos e a influencia da contorna social nun filme realista e ben elaborado.

5 de marzo

18.00 h

MULLER(ES)MULLER

Inés Pintor, España, 2014. 80'.

Vídeo HD.

Presentación.

Entrada de balde.

Tres xeracións de mulleres, tres mundos, tres vidas coas súas coincidencias e discrepancias, permítennos somerxermos nesa realidade multiforme e cambiante do que significa ser muller. O proxecto, case dous anos de traballo e a participación dunha vintena de profesionais, recolle a realidade de dezanove mulleres de diferentes xeracións, cunha particularidade: trátase, en cada caso, de tres xeracións da mesma familia. Seis familias de tres mulleres (catro, nun dos casos) que mostran sen disimulos á cámara a súa visión do que é ser muller. Dezanove mulleres que compoñen seis tríades familiares, falando de seis grandes temas permitirannos explorar a evolución e múltiples transformacións do rol feminino.

---

6 de marzo

18.00 e 20.30 h.

AMOUR FOU

Jessica Hausner, Austria-Luxemburgo, 2014.

96'.

DCP. Subt. castelán.

Entrada de balde.

En pleno Romanticismo, un poeta tráxico e mozo, Heinrich –inspirado de xeito libre na vida e suicidio de Heinrich von Kleist– aspira a vencer o carácter inevitable da morte grazas ao amor. Heinrich tenta convencer á súa prima Marie de suicidarse xuntos. Marie non empatiza coa causa, o que deprime a Heinrich. Malia isto, Henriette, unha moza casada que descobre posuír unha enfermidade incurable, si acepta a proposta do poeta. A relación entre homes e mulleres e diversos retratos particulares para un relato lúcido e ben singular.

20.30 h

O TESOURO DE CORCOESTO

Cora Peña, España, 2015. 98'.

Vídeo HD.

Presentación a cargo da súa autora.

Entrada de balde.

"Cando en 2013 empezamos a ter noticias do proxecto de mina de ouro en Corcoesto, en plena Costa da Morte, encendéusenos a luz de alarma. Tratábase dunha explotación a ceo aberto con tratamento de cianuro, unha das técnicas mineiras máis agresivas das practicadas no mundo. Unha estratexia empresarial opaca, unha política entreguista, unha poboación deprimida económicamente e polarizada en torno a un si ou non á mina, a alarma ecoloxista e un activismo cidadán urxente e efectivo que conseguiu o que non se prevía: parar a mina. Todo isto inspirou a realización de Tesouro de Corcoesto.

---

7 de marzo

18.00 h.

SE DICE POETA,

Sofía Castañón, España, 2014. 96'.

DCP.

Presentación a cargo da súa autora e as poetas galegas participantes no filme

Entrada de balde.

Como di o subtítulo "unha mirada de xénero ao panorama poético contemporáneo". que se aproxima a 21 poetas/poetisas, todas elas nadas entre 1974 e 1990, e coa presenza de tres galegas establecidas na Coruña: Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e María Couceiro. Falan de creación literaria, difusión, recepción e crítica da súa obra.

**COORDINA:**

Encarna Otero Cepeda. Comisión de Igualdade do CCG

**ORGANIZA:**

Consello da Cultura Galega e Centro Galego de Artes da Imaxe

**LUGAR DE REALIZACIÓN:**

Centro Galego de Artes da Imaxe

Rúa Durán Loriga, 10 baixo

15003 A Coruña

Galicia - España

Tíf.(34) 881 881 260

Fax.(34) 881 881 271

**ENTRADA DE BALDE****Máis información:**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[www.cgai.org](http://www.cgai.org)



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

